

A arte da pertenza nun mundo requeitado¹

Thomas Hylland Eriksen e Elisabeth Schober

Identidade e modernidade; globalización, cultura e identidade; identidades cambiantes no mundo postmoderno; creoulización cultural e políticas de identidade; ambivalencia e fundamentalismo; identidade, xénero e poder; interseccionalidade; identidade social, identidade cultural, identidade de xénero, identidade étnica, identidade sexual, identidade nacional identidade de clase, identidade rexional, identidade lingüística, a hibridación das identidades e a esencialización da hibridez, Durante un tempo, nos anos noventa, o concepto de identidade parecía estar por todas partes. Posteriormente esluíuse un pouco o seu papel de palabra clave nos estudos sociais, cousa que é de lemanter, dado que vivimos nun tempo no que a investigación boa e centrada sobre a identificación social é moi necesaria. A necesidade do termo identidade é posiblemente máis urxente hoxe do que no século pasado, se é que a alta velocidade das transformacións das que fomos testemuñas en certos lugares do planeta durante os últimos anos son algún tipo de indicación. Nun mundo que está a cambiar con rapidez, no que a conectividade e maila mobilidade aumentan rapidamente, con crecentes desafíos ecolóxicos, con rápidas transformacións económicas e coa aparición de nacionalismos decote virulentos, as formas de pertencer ós lugares, grupos e comunidades vense desafiadas de maneiras novas para as que os científicos sociais aínda teñen que atopar unha linguaxe.

Aínda que poida parecer que a enerxía intelectual do concepto de identidade se gastase despois do cambio do milenio, non se pode negar que a xente que, por outra banda, vive en sociedades moi diferentes segue a facer que agromen cuestións sorprendentemente similares sobre quen son e qué é o que isto implica. En contornos que están a cambiar rapidamente, as respostas defrón-tanse coa controversia, contrapondo decote a ambivalencia e a dúbida perante o repregamento e a reafirmación de fronteiras.

Este libro representa unha aproximación á identidade que tenta levar a investigación previa un paso máis adiante. As identidades sociais cambiantes, múltiples, contestadas e inestables que manteñen unha promesa a xeito de fundamento do sentido da pertenza estarán no centro -identidades que vemos dende unha lente particular: a do cambio acelerado. É como se a modernidade cambiase e subise de marcha contra a fin do século vinte (Eriksen 2014, 2016). Os fenómenos que produciron cambios rápidos nas décadas de postguerra (a migración, a urbanización, o turismo, as técnicas de comunicación) están a cambiar aínda máis rápido na segunda década do século vinte e un. Cómpre, logo, axustarse ás novas circunstancias, e hai varias opcións. Para usarmola famosa clasificación tripartita de estratexias nas organizacións debida a Alfred Hirschman (Hirschman 1971) deberían optar pola saída (a retirada ó seguro e salvo) pola voz (resistencia e protesta) ou pola lealdade (adaptarse ós poderes do momento)? Ou, quizais, unha mestura pragmática das tres opcións? E como é que pode un mundo esgazado, sexa por causa do desenvolvemento industrial, da emigración ou da expansión do capital financeiro volver mendarse para que pareza seguro e teña sentido? Como é que se pode crea-la continuidade co pasado de xeito convincente cando o cambio acontece a unha velocidade enorme? Amais, de que xeitos inflúen as crises globais nas formas de pertenza e no sentido do eu? Disto trata este libro², e procedemos agora a presentar algúns dos temas principais que, segundo o noso ver, debería explorar a antropoloxía da identidade posta ó día.

REQUEITAMENTO E IDENTIDADE SOCIAL

A vista de paxaro, é difícil negar que o principio do século vinte e un parece ser un período inusualmente febril e inqueda na historia da humanidade. Parece haber cambios rápidos por todas

¹Versión de T. H. Eriksen e E. Schober, "Introduction: The Art of Belonging in an Overheated World", en T. H. Eriksen e E. Schober (eds.) *Identity Destabilised. Living in and Overheated World*. Londres, Pluto Press, 2016, pp. 1-20.

² Thomas Hylland Eriksen e Elisabeth Schober, *Identity Destabilised. Living in and Overheated World*. Londres, Pluto Press, 2016.

partes. Cambios que van dende os investimentos directos extranxeiros, pasando polo número de conexións a internet ou o uso global da enerxía, á urbanización no sur global e ó incremento das taxas de emigración. As transformacións rápidas están a ter impacto na vida social de moitas maneiras, e nalgúns aspectos aceleraron o seu paso de maneira patente dende a década de 1990. As alteracións dramáticas no ambiente, as transformacións económicas e as adaptacións sociais están á orde do día en tantas partes do mundo, e en tantas áreas, que quizais non sería unha esaxeración falar da situación global dicindo que está requeentada (Eriksen 2016; véxase tamén Spooner 2015).

O *requeentamento* pode valer de metáfora central para a fase actual da globalización. O termo chama a atención tanto sobre o cambio acelerado coma sobre as tensións, conflitos e friccións que enxendra, do mesmo xeito que -implicitamente- sinala a necesidade de examinar, por medio da negación dialéctica, a deceleración ou arrefriamento. Falando en termos xerais, cando as cousas se poñen en movemento de súpeto, crean fricción: cando as cousas se esfregan unhas coas outras, xérase calor nos intersticios. A calor, para os que se ven collidos nela inconscientemente pode ter por resultado a torridez e a apatía, mais tamén pode provocar certo número de transformacións doutro tipo, das que as traxectorias poden non estar claras ó principio. Por exemplo, cando a auga chega ó punto de fervor, cambia de estado. De xeito similar, pódese dicir que, nos nosos días, nos atopamos nun bordo sistémico (Sassen 2014: 221) no que as formas económicas, sociais e culturais da globalización se expanden a territorios sempre novos, cambiando adoito os propios fundamentos da vida cotiá para aqueles que se ven suxeitos ós remuíños de cambio. Estes procesos non son unilateralmente negativos nin positivos para aqueles que se ven afectados por eles, dado que o que algúns poden percibir a xeito de crise ben pode representar oportunidades positivas para outros, e o potencial para momentos transformadores espontáneos sempre está presente. Mesmo o cambio climático é benvido ás veces, por exemplo en rexións frías onde se faría posible a agricultura ou no afastado norte, onde o xeo do Ártico a se fundir crea oportunidades excitantes para as compañías petroleiras e pode levar a apertura de novas rotas de navegación. O requeentamento consiste nunha serie de consecuencias involuntarias, e interrelacionadas, desencadeadas pola desregulación neoliberal global, as evolucións técnicas que fan a comunicación instantánea e o transporte barato, polo aumento do consumo de enerxía e a actitude consumista que anima os desexos dunha poboación mundial crecente.

Os cambios nas circunstancias económicas, sociais e ambientais adoitan percibirse localmente como se fosen esóxenos, no sentido de que grandes segmentos das sociedades afectadas non iniciaron os propios cambios; con efecto, aínda que algúns actores locais cruciais adoitan colaborar en levar adiante eses cambios, e beneficiarse deles, un bó número de persoas adoita quedar coa sensación de que ninguén lles preguntou polas súas opinións. Tales cambios rápidos na fábrica social poden afectar, desafiar ou -as veces- reforzar as percepcións que a xente ten de si, o seu sentimento de pertenza social: quen son e cara onde van. Facer que as identidades sociais e culturais sexan sostibles nun mundo no que o cambio é imprevisible, frecuentemente esóxeno e decote portador de consecuencias involuntarias pode compararse a reconstruír un barco no medio do mar. Require flexibilidade e improvisación, ou novas formas de marcar os límites. Outros poden descubrir que están implicados no cambio de tal maneira que é o estancamento, máis do que o cambio, o que desafía a súa auto-comprensión, ou que poden aborda-las transformacións que se dan arredor deles con descoído e cun sentido fundamental da indiferenza.

Algunhas preguntas típicas que a xente pode facer nunha situación de cambio rápido son: Cómo é que podo ser a persoa que quero ser cando no hai tanto cambio? Cal é a esencia de ser eu/nós? Cales son as forzas que ameazan a nosa habilidade para seguir sendo quen pensamos que debemos ser? Qué tipo de cambios asumimos e qué tipo de cambios consideramos unha ameaza? O traballo de trazar unha liña que conecte o pasado co futuro, pasando polo presente, dunha maneira convincente e significativa, é doado cando só hai repeticións, mais difícil cando non hai un esquema que poña en relación o pasado co futuro, cando non hai ningunha historia -nin de continuidade nin de evolución- que resulte persuasiva. Tódolos traballos incluídos neste libro tratan esta problemática, dende o estudo de Drotbohm sobre as vidas de emigrantes que se arrefrían por causa dun retorno forzado a unha lugar lento, pasando pola exploración que fai Kerney sobre as curas colectivas a xeito de resposta ós cambios rápidos e catastróficos que afectan á identidade cultural, o estudo de Thorleifsson sobre a negociación da identidade en curso nunha

zona de fronteira en disputa e a análise que fai Martini da alienación entre os afeccionados ó fútbol inseguros da súa identidade no medio da transformación do seu clube nunha marca global, pasando pola historia de Banovic sobre a identidade de xénero desestabilizada en Montenegro e a “nostalxia da armada” nas Filipinas, onde os cambios debidos ós investimentos exteriores directos recentes fai que a xente do lugar teña saudade dos “bos vellos tempos” nos que os militares estadounidenses aínda andaban por alá. Se ben MacClancy argumenta enérxicamente contra as identidades conxeladas, amosando cómo é que se lles pode opor resistencia, Neumann asume unha visión histórica fonda e indica como é que o fluxo irreversible do tempo é puntuado pola construción de monumentos que crean certo senso de estabilidade, continuidade e identidade colectiva.

Os asuntos tratados poden relacionarse analiticamente coa cuestión máis ampla de cómo é que se relacionan a reprodución social e maila identidade social en tempos de cambio dramático. De ser certo, como mantemos, que o cambio acelerado está a se experimentar agora polo mundo adiante (aínda que, naturalmente, de maneira desigual en distintos lugares, con algunhas comunidades que permanecen plenamente alleas ós efectos), entón a reprodución actual da fábrica social da vida (e a súa conexión coa forma en que a xente dá sentido ós seus asuntos diarios) e unha cuestión “que bota fume” para moitos. Amais, a reprodución social e mailas súas interconexións coa identidade poden estudarse a través da lente de campos máis específicos, dende a reprodución cultural á reprodución de familias, relacións de xénero, dinámicas de clase, divisións étnicas e cousas semellantes, todas elas afectadas polo requeimamento. Segundo apunta Wimplemann (neste volume), a aparición de novas elites en Afganistan non eclipsou as vellas mais levou a unha tensión continua, mentres que Pijpers amosa cómo é que a desigual velocidade de cambio nas estruturas de poder que compiten en Serra Leoa exarceban as tensións crónicas, levando a contestacións frecuentes que se reducen á cuestión de cómo é que se poden asegurar as formas de vida por medio das declaracións de identidade feitas no medio de transformacións aceleradas.

O termo reprodución xogou un papel crucial nos debates (neo)marxistas sobre o significado do traballo e dos labores. Marx entendeu que o traballo era un factor clave no proceso produtivo e, co seu colaborador Engels (2010 [1984]), introduciu unha concepción da produción económica que a conectou estreitamente á reprodución social das familias. A concepción de Engels sobre a división sexual do traballo, que conforma a distribución das actividades económicas de homes e mulleres, resultou ocultar, en opinión dalgúns, máis do que revelan as feministas marxistas. A reprodución do traballo, argumentaron Harris e Young (1981), por importante que sexa, non se pode combinar sinxelamente cos procesos máis amplos de reprodución social e biolóxica que se asumen nos fogares, onde tamén se (re)crean unha serie doutros valores sociais non económicos. A vella tensión marxista entre produción e reprodución foi posteriormente desenvolta noutra dirección na obra de Pierre Bourdieu (1977; cf, Robbins 200: 42-65; véxase tamén Goody 1976). Bourdieu salienta as dimensións social e cultural da reprodución, convertindo a reprodución nun concepto que trata da transmisión das formacións sociais dunha xeración a outra. Na concepción que Bourdieu ten do termo, queda certo espazo para que se dean as transformacións *dentro* dos procesos rutinarios de reprodución cultural. O cambio, no seu ver, adoitou ser proceso gradual, sutil, limitado polos confíns estruturais pre-existentes.

Sexa como for, no seu amplo estudo da reprodución cultural de clases na sociedade francesa (Bourdieu 1984) Bourdieu estaba a investigar nomeadamente o período de postguerra, que esmoreceu na década de 1980. Durante a derradeira década da súa vida, Bourdieu estaba fundamentalmente preocupado pola establecemento de réximes neoliberais na Unión Europea. Entendeu que a globalización e as ondas de choque que produciu en Europa dende 1990 estaban a desestabilizar os por veces moi opresivos, mais polo menos *predicibles* réximes, de reprodución que estudou durante a maior parte da súa carreira académica. Con Bourdieu a lamentar a fin da era modernizadora no seu último libro importante (Bourdieu et al. 2000) non pode un máis ca preguntarse qué é o que pensaría o sociólogo francés dos cambios que se deron dende a súa morte, nunha era na que a reprodución dos mundos sociais, culturais e económicos de moita xente se viron aínda máis desestabilizados, con conceptos coma o de neoliberalismo, antropoceno e precariado a se converter en expresións de moda no discurso académico e intelectual.

Dende principios de século, o concepto de identidade, que tentamos por en relación coa reprodución social local e o cambio a gran escla foi cada vez máis contestado nas ciencias sociais, con

Rogers Brubaker e Frederick Cooper argumentando, no cambio de milenio, que as ciencias sociais estarían mellor se a identidade non formase parte da súa caixa de ferramentas analíticas (Brubaker & Cooper 2000; cf. MacClancy, neste volume). Ó mesmo tempo, o uso emic³ cotiá da identidade a xeito de categoría da práctica, a xeito de discurso existencial, a xeito de característica da vida comercial e a xeito de importante (e ás veces violenta) forma de política espallouse en tal medida que a “identidade” acadou circulación case universal na maneira en que dota de sentido ás relacións sociais no mundo: de Perú a Filipinas, de Noruega a Montenegro, a tendencia é que as xente descifre as súas crises, fortunas e futuros a través da lente da identidade social (véxase, por exemplo, Brandstädter et al. 2013; Jenkins 2014). Á vista de que é obvio que necesitamos manter un concepto para a análise destes fenómenos significativos relacionados coas visións colectivas da xente no tocante a eles propios e os outros, daremos argumentos a prol dun entendemento do termo inspirado pola aproximación característica da historia conceptual de Reinhard Koselleck. Se a identidade é un dos *Grundbegriffe*, un dos conceptos fundamentais cruciais dos nosos tempos, entón a propia condición polémica, ambigua e historicamente cambiante do significado é testemuño do papel fundamental que segue a xogar na concepción que a xente ten de si mesma. Por medio do seu meticuloso trazado de conceptos a través das transformacións históricas, Koselleck (2002) amosou que os conceptos fundamentais son inherentemente contraditorios e multiestráticos, e que adquiren significados novos, nomeadamente durante tempos tumultuosos. O entendemento dos *Grundbegriffe* é sumamente compatible coa maneira en que as conceptualizacións da identidade se retorcen e viran na era actual. Agora imos prestar atención a algúns destes cambios.

FRONTEIRAS E ZONAS BORROSAS

Aínda que o uso nas ciencias sociais do termo identidade, que era inicialmente filosófico, comezou na psicoloxía evolutiva (Erikson 1963), o cerne da literatura durante as últimas décadas do século vinte tratou das identidades colectivas, decote nacionais, étnicas ou relixiosas. Se ben Gellner dixo humoristicamente que “o nacionalismo non é o espertar das nacións á autoconciencia: inventa nacións onde non existen” (Gellner 1964: 169), o seu alumno A. D. Smith (1986) mantivo unha posición diferente, argumentando que a transformación de grupos étnicos en nacións foi un proceso histórico continuo, non un truco de prestidixitador.

En todo caso, Gellner e Smith comparten unha premisa que se fixo famosa no ensaio de Barth sobre a etnicidade (Barth 1969a), e tamén na definición de Anderson da nación en calidade de imaxinada, en calidade de “inherentemente limitada” (Anderson 1983: 6). En todas estas teorizacións, as categorías de identidade delineáronse a xeito de vinculantes. Se o significado cultural adoita describirse por medio do concepto de fluxo, presentándose entón a xeito de continuo, as categorías de identidade concibíronse a xeito de discontinuas e vinculantes (Eriksen 2015: 9). Coa fronteira concibida por Barth a xeito de entidade “osmótica” a través da cal poden darse transaccións, comunicacións e mesmo fluxo de persoas (Barth 1969a: 21), a existencia dunha liña que divida claramente foi, en todo caso, unha premisa para o estudo dos procesos interétnicos. Sexa como for, o propio concepto de fronteira foi logo problematizado dunhas cantas maneiras.

Primero, segundo argumentou A. P. Cohen (1994), o concepto de *fronteira*, concibida a xeito de zona ambigua de negociacións, pode en moitos casos ser unha metáfora mellor cá noción máis ríxida de límite. Con efecto, a idea de que os grupos étnicos están na actualidade firmemente de-

³ Os termos **emic** e **etic** propúxoos o lingüista Kenneth Pike inspirándose na distinción entre fonoloxía (**phonemics**) e fonética (**phonetics**). Da lingüística pasaron, adaptándose, á socioloxía e á antropoloxía social.

Pike argumentou que este tipo de distinción, fundado na interpretación do individuo (fonema) en contraste coa realidade acústica dun son, debía extenderse á conduta social. A distinción **emic/etic** úsase nos estudos sociais e do comportamento para se referir a dous tipos diferentes de descrición relacionadas coa conduta e a interpretación dos axentes involucrados. Por **emic** enténdese xeralmente o punto de vista do nativo e por **etic** o punto de vista do analista, determinado por ferramentas metodolóxicas e categorías.

Unha descrición **emic** é unha descrición en termos significativos (conscientes ou inconscientes) para o axente que as realiza. Por exemplo, unha descrición **emic** de certo costume dos habitantes dun lugar basearíase en como é que os membros desa sociedade explican o significado e motivos dese costume. Unha descrición **etic** é unha descrición de feitos observables por calquera observador que non se interesa en descubrir o significado que os involucrados lles dan.

marcados pode entenderse como expresión involuntaria do nacionalismo metodolóxico (Wimmer e Glick Schiller 2002) que usa a o estado-nación e a súas fronteiras fixas a xeito de patrón para grupos sub-, non-, trans- e pre-nacionais. Aínda que poucos dos ensaios deste libro traten explicitamente de áreas fronteirizas (o exemplo máis obvio é o de Thorleifsson), todos eles pregúntanse pola fronteira en canto tal, dado que está a ser desestabilizada sobre o terreo polos desiguais procesos de cambio.

En segundo lugar, segundo apuntaron Fardon (1987) e outros, en moitas partes do mundo o grupo étnico vinculante e delimitado foi decote unha invención colonial. Os grupos precoloniais adoitaban ser máis fluídos e sobrepoñerse máis cós grupos xurdidos dos censos de poboación e da construción de estados moderna.

En terceiro lugar, a investigación sobre transnacionalismo (Glick Schiller et al. 1992; Olwig 2007) amosou que os emigrantes teñen adoito unha identidade local e nacional ambigua, con consecuencias para a súa identidade étnica. Moitos teñen obrigas económicas e sociais en dúas ou máis localidades, levando consigo tamén novas identificacións e vinculacións emocionais. Na segunda e terceira xeración, este tipo de complexidade acentúase aínda máis dado que moitos, no mellor dos casos, visitaron escasamente a patria ancestral. Algúns casaron con xente de fóra do grupo. Algúns cambiaron de lingua ou relixión, hábitos alimenticios, linguaxe corporal ou indumentaria. Moitos resistense activamente a seren “encaixados” nunha categoría fixa.

En cuarto lugar, houbo un interese empírico crecente nas zonas fronteirizas das colectividades, nas que a identidade é precaria e discutible. Ecoando os efectos do xiro postestruturalista nos estudos de xénero, é probable que os estudantes da etnicidade descubran zonas de fronteira relativamente permanentes nas que as persoas poden ser identificadas como nin/nin ou e/ambas a dúas cousas. No Caribe, xente de orixes africanas e europeas mesturadas manteñen tal posición ambigua como tamén fai a xente de orixes africanas e hindús mesturadas. As xentes de identidade étnica complexa e discutible, denominadas ás veces “anomalías étnicas”, poden formar unha parte substancial da poboación, aínda que poucos sexan un caso tan extremo coma o golfista Tiger Woods, que dunha vez se describiu dicindo que era Caunegroindasiático “unha mestura de caucasino, negro, indio norteamericano e asiático” (Jenkins 2002:115).

Ó se concentrar nos actores principais das colectividades implicados na política da cultura e a identidade, os estudos clásicos sobre etnicidade tenderon a infravalorar o decote substancial número de persoas que están nas marxes. O interese crecente nos bordos borrosos das colectividades desenvolveuse en paralelo con desenvolvementos similares noutras áreas, nomaedamente estudos de contacto e hibridez cultural (Werbner e Modood 1997). Amais, o concepto de creoulización cultural (Drummond 1980; Hannerz 1996; Stewart 2007) denota unha forma particular de mestura que é resultado da interacción sostida entre grupos previamente xebrados.

Non hai razón intrínseca para que a mestura cultural tivese que levar necesariamente á fusión de identidades colectivas. Segundo amosou abondo claramente a investigación sobre etnicidade e nacionalismo, sons as *suposicións* de diferenza, non as diferenzas obxectivas, o que mantén intactas as fronteiras. Con efecto, segundo argumentou Harrison (2002), as similaridades percibidas poden as veces ser fundamentais á hora de estimular a elaboración de fronteiras e a competición inter-grupal. Os grupos constitúense a xeito de entidades sociais, non culturais. Sexa como for, hai unha relación intrínseca entre a cohesión social e o significado cultural, e cando a integridade social dun grupo está ameazada, a ameaza adoita interpretarse a xeito de asalto ó “contido cultural” que se cre que o mantén xunto en calidade de grupo. Ó mesmo tempo, a percepción da perda de fronteiras culturais pode implicar certa sensación de impureza ou lamentacións pola corrupción (véxase Schober, neste volume) que poden afectar á identificación de dúas maneiras principais: purificación ou afirmacións de impureza. A variación cultural dentro dun grupo é considerable, e os fluxos culturais que atravesan fronteiras aseguran que a mestura, no mundo contemporáneo, está potencialmente en calquera parte. Sexa como for, a impresión que algúns teñen de que “todo” parece estar en fluxo constante, que parece haber unha infinidade de oportunidades e que os grupos, idetidades culturais e categorías étnicas non son fixos está causada pola combinación de fenómenos independentes. As identidades fortes e as fronteiras fixas non exclúen a mestura cultural. A variación étnica pode existir sen que haxa variación cultural significativa. Os procesos de mestura cultural non afectan de seu ás identidades grupais e ás formas de vinculación.

O devandito quere dicir que as ambiguas zonas grises, que se poden situar no espazo que hai entre categorías e fronteiras sometidas a presión, son lugares privilexiados para estudar a relación recíproca entre cultura e identidade. Non se debe isto a que as fronteiras todas puidesen chegar a desaparecer, senón a que se fan visibles por medio da negociación e renegociación, transcendencia, transformación e redefinición en condicións de cambio acelerado.

En situación de requentamento, adoita haber tensión entre vinculación e indeterminación. Moitos foron moitos os intelectuais que recentemente tentaron criticar e desbotar o esencialismo, enfatizando o carácter flexible e fluído da identificación humana (porén, parecería que son poucos os que os escoitan foran dos muros da academia). Expresión elocuente desta posición é a de Zygmunt Bauman: “Se o “problema da identidade” moderno é cómo construír unha identidade e mantela sólida e estable, o “problema da identidade” postmoderno é nomeadamente cómo evita-la fixación e manter as opcións abertas (Bauman 1996: 18). Quizais moitas sociedades cunha forte actitude individualista e unha disposición positiva cara ó cambio, como é o caso da cidade de Gladstone descrita por Eriksen (neste volume), evitan responsabilidades grupais fortes, preferindo manter as súas opcións de cambio e mobilidade, para o caso de se presentar unha oportunidade atractiva.

Pode haber razóns normativas honestas para apoiar a posición de Bauman, mais é ó cabo insuficiente a xeito de guía para a investigación empírica. Malia a globalización e a universalización dalgunhas categorías de modernidade, as diferenzas e fronteiras seguen a existir. En todo caso, no contexto do requentamento, manter as fronteiras intactas require traballo duro e, segundo suxerimos, é cuestión empírica saber ata que punto é desexable manter divisións estritas.

GLOBALIZACIÓN E TEORÍA DA IDENTIDADE

Nos últimos anos, moitos científicos sociais cuestionaron a estesa orientación epistemolóxica chamada “nacionalismo metodolóxico” (por exemplo, Wimmer e Glick Schiller 2002), que implicaba tomar os estados-nación a xeito de unidades de análise “naturais” na investigación. Á luz desta crítica, agora é frecuente argumentar que o mundo cambiou de tal maneira que o estado-nación xa non é sinónimo apropiado de “sociedade”. En certa medida, Appadurai (1990), Hannerz (1996) e outros académicos da globalización están no certo ó argumentar que a identificación e os aliñamentos sociais seguen, cada vez máis, liñas diferentes, dado que o capitalismo e as técnicas de comunicación modernas reconfiguraron a dimensión espacial da vida humana. Robertson fala do “actual sentido do mundo a xeito de lugar único” (Robertson 1992: 184) e Urry (2000) suxeriu substituír o termo “sociedade” polo de “mobilidade” e facer deste último o concepto fundacional das investigacións sobre a vida social contemporánea. Porén, esta visión, malia os seus méritos, minusvalora o feito de que as formas tradicionais de identificación non están a ser completamente erradicadas, senón que decote só están a ser reconfiguradas, aínda que ás veces de maneiras dramáticas. O que cómpre é investigar a relación dinámica entre apertura e vinculación, as procura de pureza e as celebracións da mestura, as identidades que ollan cara o pasado e as identidades fundadas en visións do futuro. Hai unha perspectiva principal que se salienta na aproximación á identidade fundada na idea do requentamento. As fronteiras desestabilizáronse, mais ó mesmo tempo están a se restabilizar. A postura radical de Urry no tocante a substituír o termo “sociedade” polo de “mobilidade” levaría sen dúbida a un foco analítico abondo diferente dunha concepción (aínda común na ciencia social) que asume, polo menos de maneira axiomática, que as sociedades estables son a materia da que se fai a vida social. Ó mesmo tempo, perderíase moito se o concepto de sociedade e as concepcións semellantes de estabilidade e continuidade ficasen relegadas ó esterqueiro da historia, dado que é un feito empírico que a xente busca por todo o mundo adiante estabilidade, continuidade, seguridade e predicibilidade (Eriksen et al. 2010), decote por medio da defensa, creación ou reconfiguración da pertenza espacial, da demarcación de fronteiras e das memorias colectivas ancoradas en lugares particulares (Connerton 2009). O que se “desincrustou” está a se “re-incrustar” de moitas maneiras.

Intenos menos revolucionario, mais aínda suficientemente radical de anovar o aparello conceptual das ciencias sociais pode atoparse en traballos de Bourdieu (1977), Giddens (1991), Castells

(1996-1998) Bauman (2000) e Beck (2009), entre outros, que suxeriron termos coma espazos sociais multidimensionais (Bourdieu), era da modernidade reflexiva (Giddens), sociedade rede global (Castells) e sociedade de risco globalizada (Beck) nunha serie de tentativas de conceptualizar o social nun tempo caracterizado polo cambio acesleado e as fronteiras borrosas. Malia as súas diferenzas, a premisa compartida é que a presuposición de que as fronteiras se desestabilizaron, están a ser cuestionadas e desafiadas e poden deconstruírse, reconstruírse e facer aparecer en novos lugares.

Toda sociedade complexa ofrece un número case infindo de posibilidades para delinear comunidades subxectivas para as que se poida usar significativamente o termo “nós”: nós, militantes do partido laborista; nós, lesbianas. Nós, músicos de jazz. Nós, os cristiáns. Nós, os detentadores de dereitos de autor. Nos, os israelís. Nós, as mulleres. Independentemente das moitas formas posibles da “condición do nós”, mantense unha cuestión subxacente, e faise intensamente relevante nas sociedades altamente diferenciadas: a de cal é a base simbólica existente para unha identidade subxectiva compartida que inclúa certo número de persoas que se poden identificar a xeito de colectividade. Malia décadas de crítica do nacionalismo metodolóxico que sufriron os estudos sociais, a nación aínda ten, en moitas partes do mundo, unha indiscutible e persistente habilidade para crear comunidades abstractas fortes, ben ó contrario do que moitos teóricos da globalización predixeron contra a fin do século pasado. Teñen os seus detractores, teñen as persoas ou grupos “resistentes á entropía” que non serán parte dela nin mesmo formando parte do mesmo territorio, mais as identidades nacionais seguen a ser sorprendentemente fortes na maior parte do mundo. As loitas e controversias políticas que dividen a moitas poboacións europeas nestes días non tratan fundamentalmente da nación en canto tal, senón de cómo é que se debería delinear simbólica e demograficamente; quen debería ser incluído, e en qué condicións. A nación (ou o grupo étnico) ten agora que compartir o campo da pertenza con outras comunidades simbólicas, moitas delas cambiantes, inestables e transnacionais, algunhas delas complementarias, e outras rivais. Porén, segundo argumenta Chris Hann (neste volume), as identidades sociais non se poden manipular a vontade, nin se poden entender plenamente en termos da teoría da elección racional. Son “imaxindas, mais non imaxinarias”, segundo di Jenkins (2002: 114), non son menos reais polo feito de seren construídas socialmente.

MEMORIA E ESQUECEMENTO

Os máis dos capítulos deste libro non se ocupan de identidades nacionais ou étnicas, mais tódalas colectividades descritas encaran algúns dos mesmos desafíos, sexan pioneiros nunha cidade nova (Stensrud) ou afeccionados dun clube de fútbol que está a pasar por unha transformación dramática (Martin). Un preocúpase polas fronteiras e a gramática da inclusión e a exclusión; outro preocúpase polas forzas desestabilizadoras e adoito alienantes da globalización cultural; un terceiro trata da relación entre o pasado, o presente e o futuro. Se, como dixo John Peel, o presente “verdadeiramente non é máis ca unha bisagra entre o pasado e o futuro” (Peel 1989: 200), a delinación do pasado e a súa substancia segue a ser de importancia suprema, mesmo nun estado de amnesia estrutural acelerada.

Paul Connerton, autor dun traballo sobre memoria social (Connerton 1989) moi influente na antropoloxía, describiu posteriormente un mundo que se desposuía da memoria colectiva a unha velocidade enorme (Connerton 2009). Connerton describe unhas cantas das maneiras que teñen as sociedades modernas de obliterar o seu pasado, incluída a así chamada anovación urbana. Distinguindo entre monumentos e lugares de memoria, non teme polo futuro dos monumentos, nin polos seus pasados (véxase Neumann, neste volume), senón pola continuidade nos lugares cotiáns de encontro ós que a xente vinculou as súas experiencias tanxibles, corporais, que están ameazadas, polo menos nas cidades que poden permitirse prescindir do seu pasado de maneiras eficientes e carentes de cerimonia.

A argumentación de Connerton ten mérito. O desarragido debido a emigración pode crear sentimentos similares de non pertenza e, amais, iso non é fenómeno limitado á vida urbana. As transformacións rápidas dos territorios rurais tamén poden crear problemas para a reprodución da iden-

tidade: se a vinculación persoal e colectiva é a unha paisaxe, hase sufrir cando o contorno xa non é recoñecible. Estes cambios, que inflúen nas colectividades, poden verse estimulados polos investimentos económicos (posiblemente Connerton tiña en mente o anovamento urbano do leste de Londres) mais tamén poden tomar a forma da devastación ecolóxica motivada polos intereses económicos, coma nas rexións carboníferas de Nova Gales do Sur. O punto de vista de Connerton, en boa medida Durkheimiano, é, sexa como for, incompleto; presenta o cambio rápido a xeito de inequivocamente negativo e é insensible a variación interna. O requeñamento nunca é o único xogo que hai na cidade. Sempre vai acompañado de remuíños, choutos, estancamentos e inversións, algúns voluntarios e outros forzados. Por mor da emigración, o cambio da vida rápida á lenta pode ser insoportable (véxase Drotbohm, neste volume) e cómpre ter en conta que en cada sociedade en concreto o cambio segue ritmos diferentes.

De por parte, distintos estudos recentes de antropoloxía social amosaron como é que un “senso de aceleración temporal estimulado por transformacións sociais e económicas sen precedentes” pode levar, con efecto, a todo o contrario do que temía Connerton, fundamentalmente a unha gabanza do pasado na forma de nostalxia, segundo apuntaron Olivia Angé e David Berliner (2015: 2). A nostalxia, con efecto, adoita ser “un acto encorado no contexto presente que di moito máis sobre as configuracións sociais contemporáneas do que sobre o propio pasado” (Angé e Berliner 2015: 3), un proceso que aparece tamén intensamente expresado no traballo de Thorleifsson e Schober (neste libro), que exploran cómo é que a nostalxia dos tempos idos pode xurdir en condicións de neoliberalismo rampante.

Con certeza, a forma en que se dota de sentido a temporalidade varía moito segundo as vidas individuais. Por medio da súa conceptualización das disxuncións, Appadurai (1990) amosa cómo é que a xente leva vidas multi-escalares e multi-temporais ó se implicar en paisaxes de diferente envergadura. En todo caso, a temporalidade tamén pode variar dentro dos mundos sociais e culturais. Algúns fenómenos cambian con rapidez mentres que outros parecen lentos ou mesmo estables. Xusto despois da Primeira Guerra Mundial o sociólogo William Ogburn propuxo o termo “desfase cultural” (Ogburn 1922) para describir unha situación na que as ideas e conceptos relativos ó mundo quedan por tras dos cambios no mundo físico. Neste tipo de situación as disxuncións son sistémicas, e non se dá conseguido que os mapas coincidan co territorio. Unha ideoloxía de crecemento económico pode ser disfuncional nun mundo de problemas ecolóxicos severos, e unha ideoloxía de cohesión cultural na escala da nación pode non ser apropiada para unha poboación cada vez máis diversa. O uso dos teléfonos móbiles medrou celéricamente dende que se introduciron no mercado alá polo 2007, mais a xente aínda vai á igrexa, á mesquita ou ó templo. En resposta ós problemas formulados por Connerton, moitos atopan oasis de continuidade; porén, nunha situación requeñada, teñen que buscalos activamente.

Finalmente, hai variacións dentro de cada sociedade no tocante á velocidade do cambio. Nas Illas Mauricio, que dende e metade dos anos oitenta pasaron dunha economía fundada completamente no azucre a unha economía diversificada cun amplo sector manufactureiro, hai cambio rápido nalgúns lugares. A capital, Port-Louis, mais ben estragada hai trinta anos, ten agora un centro comercial pretensioso e moi grande, tamén liña de costa pensada para os turistas, autoestradas, hoteis novos e unha ambiciosa “ciber-cidade” construída preto da universidade. Porén, ó mesmo tempo, moitas cidades e vilas costeiras de Mauricio cambiaron pouco dende o primeiro traballo de campo de Eriksen, feito en 1986. Amais, non se pode dar por garantido que os residentes aprecien a continuidade que experimentan nas súas vidas diarias. Nas sociedades modernas, as identidades sociais adoitan fundarse tanto nas visións de progreso e mellora coma nas memorias incorporadas e nas rutinas herdadas.

VELOCIDADE E DIVERSIFICACIÓN

Unha gran cantidade da investigación antropolóxica sobre a identidade e a identificación ten por premisa o cambio -aínda que Barth (1969b) é unha excepción interesante- mais a velocidade variable e as distintas formas de cambio ás que fixemos alusión raras veces se trataron explicitamente. A aproximación da “ecoloxía urbana” da Escola de Chicago, desenvolta en gran medida

por Robert Park na década de 1920 (véxase Hannerz 1980) estudou as relacións étnicas e os procesos de exclusión e inclusión nunha situación (a de Chicago a principios do século vinte) caracterizada pola emigración e o cambio económico rápido. Pouco despois, as aproximacións situacionais e as análises de rede da escola de Manchester desenvolvéronse no contexto de urbanización rápida de Rhodesia do norte (agora Zambia), e o seu foco desprazouse gradualmente da “destribalización” (Wilson 1942) á retribalización (Mitchell 1956; Epstein 1958) en canto esivo claro ben logo que “os sindicatos trascenden as tribos” (Mayer 1962: 63) só en certa medida, e que as identidades tribais (ou étnicas) seguían a ter moita relevancia social, aínda que de novas maneiras e en situacións novidasas. Partindo destes traballos, antropólogos coma Parkin (1969), no estudo sobre os Luo de Nairobi, e Abner Cohen (1969), no estudo dos Hausa en Ibadán, amosaron de xeito similar como o cambio de circunstancias levou á reorganización e reconceptualización das identidades étnicas na África urbana.

Unha área de investigación antropolóxica e sociolóxica máis recente, e aínda moi produtiva, é a que se ocupa das implicacións para a identidade da emigración transnacional a Europa Occidental e Estados Unidos de América, e isto supón ocuparse das maiorías, minorías e -en grao non menor- das súas relacións mutuas. Foi neste contexto que Steven Vertovec (2007) propuxo o termo “super-diversidade” para designar un novo modelo social no que a mobilidade emigrante e as correntes culturais aceleraron e cambiaron de carácter. Vertovec di que, se ben antes a xente chegaba de poucos lugares e ía a poucos lugares, agora veñen de moitos lugares e van a moitos lugares. O status legal dos novos emigrantes adoita ser tamén ambiguo, e non sempre é doado clasificar a unha persoa en calidade de estudante, turista, emigrante laboral ou refuxiado. Algúns traballadores estacionais quédanse, mentres que algúns emigrantes permanentes marchan. O número de linguas que se fala en Londres supera agora as trescentas, pero mesmo en Oslo, que só ten 700.000 habitantes, fálanse preto de 200 linguas. En todo caso, o concepto de super-diversidade de Vertovec, non se ocupa unicamente da crecente variedade étnica e lingüística. A “diversificación da diversidade” que describe tamén indica unha situación na que non se pode dar por garantido cómo é que a xente se identifica e en qué se funda para definir a súa identidade social. Segundo amosa Susanne Wessendorf (2015) nun estudo sobre o barrio de Hackney, en Londres, a superdiversidade desta área implica adoito (mais non sempre) a creación de espazos públicos cambiantes e focos de identificación grupal que non se fundan nas orixes étnicas ou relixiosas, senón en intereses e actividades compartidas. É unha cuestión empírica se este tipo de identificacións fluídas é suficiente para crear sentido de pertenza, e paga a pena tratala en serio.

O FIXO E O FLUÍDO

Segundo amosa o exposto, neste libro asumimos unha visión ampla da identidade, delineándoa a xeito de pertenza social e de “condición de nós” reflexiva: é persoal, mais ten invariablemente unha dimensión colectiva, permite que a xente conecte o pasado co presente, dea sentido ás continuidades e ós cambios, negocie as súas conexións co lugar, e non hai nela presuposicións *a priori* sobre a primacía de cousas coma as identidades étnicas, nacionais, de xénero ou relixiosas sobre outros criterios de pertenza. Oscila entre ser un un concepto *emic* e un concepto analítico. Para moitos, as cuestións existenciais urxentes son as cruciais, mais a análise revela que hai aspectos subxacentes estruturais, colectivos e sistémicos que provocan respostas no ámbito persoal. Igual ca Handelman (1977), Brubaker (2002) e Jenkins (2014) os autores deste libro non dan por garantida a condición de grupo, senón que exploran, por medio de estudos de caso, cómo é que se conforman os grupos e como son obxecto de constestación, cómo é que se estabilizan e desestabilizan as fronteiras na relación recíproca entre as forzas esóxenas e endóxenas. En tempos de cambio acelerado as fronteiras de grupos poden non ser sinxelamente fluídas: poden converterse verdadeiramente en dianas móbiles coas que a xente tenta acertar. A cohesión, construída arredor da identidade compartida, pode vir en diversas formas e graos, cambia e ten que se reaxustar.

Non hai razón para asumir que as respostas ó cambio sexan homoxéneas, coherentes ou inequívocas: hai sempre diversidade, ambivalencia e desigualdade social nas comunidades que

estudamos. Ó mesmo tempo, ben pode haber unha narración hexemónica sobre a natureza e implicacións do cambio, mais pode ser obxecto de contestación dende o interior. O que para unha muller é unha crise para outra pode ser unha oportunidade de ouro. Identificar os gañadores e perdedores nunha situación de cambio adoita ser útil (mais non sempre é inequívoco e factible sen ambigüidades) para moitos, o desafío, cando aceptan ou resisten unha forma particular de cambio esóxeno, consiste ó cabo en reconstruí-lo barco no medio do mar, tarefa que se leva a cabo de moitas maneiras.

Neste tipo de situación, poden observarse moitos efectos do requeamento. Hai tendencias de creación de fronteiras e de repregue a identidades primordiais tanto entres minorías como entre as maiorías (o paralelo en Europa entre a extrema dereita e o islamismo militante é sorprendente); hai debates vibrantes sobre en qué consiste ser un bo membro dunha categoría (un bo montenegrino, un bo colono, un bo emigrante retornado e cousas semellantes) e procesos de hibridación e creoulización no nivel da cultura simbólica poden atopar ou non procesos paralelos de mestura na vida social: un pode manterse endógamo, homosocial e heterosexual (véxase Banovic, neste volume) mesmo se a materia cultural que compón o mundo no que un vive provén de fontes diversas. A identificación social ten que se reconceptuar cando as circunstancias cambian, e aínda que non haxa unha dirección lineal ou predicible dos cambios na identificación, hai poucas situacións verosímiles ou, quizais, unha gama de opcións accesibles en cada situación determinada. É posible que haxa, en todo discurso e práctica en relación co cambio percibido, elementos de tradicionalismo, vontade de adaptación, resistencia e lealdade, buscas da pureza e celebracións da mestura.

A crenza de que a modernidade levaría á obsolescencia das “identidades primordiais” abandonouse hai moito, mais pode ser importante distinguir entre a tradición (que se recomenda ela propia) e o tradicionalismo (que é unha escolla reflexiva). Na literatura sobre pobos indíxenas e os seus intentos de (re)definir o seu lugar nun mundo no que case todos se ven forzados a ser cidadáns, os discursos sobre a tradición e os seus enredos entrambilamentos co estado e as súas institucións ocupan unha posición crucial, trátase de estudos dedicados ós intentos dos aborixes asutralianos para producir narracións que creen as bisagras necesarias entre o pasado e o futuro (Kearney, neste volume) ou a loita dos Aeta filipinos pola terra e as condicións de vida (Schober, neste volume; véxase tamén Forte 2009). Os autores que tratan estes asuntos, incidentalmente, apuntan todos a unha certa calidade de persistencia amosada polas comunidades que estudan. Os pobos indíxenas complican o cadro de cómo é que a reprodución social e as cuestións de identidade están a pasar por cambios na actualidade porque os máis deles soportaron a coacción de distintos actores exteriores durante períodos moi longos, cousa que fai que sexan aínda máis dignas de atención as súas estratexias para crear continuidade durante os recentes tempos de cambio acelerado.

Os máis dos procesos de identificación e re-identificación debatidos nos capítulos deste libro non se ocupan de identidades étnicas nacionais ou rexionais en canto tales. Poño por caso que o rápido cambio económico, como o que se dá en Kabul (Wimpelmann) leva á reconfiguración das clases e a novas distincións sociais. Amais, prestamos atención a cuestións relativas á identificación con lugares en situacións de rápidas transicións demográficas, económicas e ecolóxicas en cidades de crecemento explosivo (Stensrud, Eriksen), ó impacto da comercialización da identificación globalizada e desincrustada (Martin) ó choque entre o discurso transnacional gay/lésbico e as visións tradicionais balcánicas da masculinidade (Banovic); o agromar dun “cosmopolitismo conxelado” entre os emigrantes retornados ás illas de Cabo Verde (Drotbohm), o desexo de abandonar a identidade grupal en favor da nosa humanidade común (MacClancy). Un presuposición crucial é que o cambio rápido (sexa no reino da economía, da política ou do entorno) limita potencialmente as opcións de reprodución económica, social e cultural. Isto, pola súa vez, desafia as identidades colectivas que adoitan fundarse en nocións de continuidade (temporal, espacial e social) levando a unha gama ampla mais finita de opcións para a xente afectada por estes cambios ou para os que contribúen a eles.

Hai varias zonas de tensión que actúan en situacións nas que o mundo social está a ser desestabilizado por causa do cambio rápido en certos dominios. Segundo se indicou, non todo se acelera no xeralmente renqueado inicio do século vinte e un. A *deceleración* local e rexional e tamén unha conscuencia posible da aceleración globalizada e o cambio nunca é uniforme. Afecta a dife-

rentes aspectos dos mundos da vida individuais, mais tamén a distintas partes da sociedade, de maneiras diferentes. A fenda entre aceleración e estabilidade, ou entre cambio rápido e lento, é unha das fontes principais de desestabilización no reino do social, como indican os capítulos sobre as cidades de crecemento explosivo. Algúns sectores, áreas ou actividades déixanse atrás ou desbótanse, mentres que outros cambian moi rápido creando (quizais) desequilibrio ou desestabilización no sistema en conxunto. Ás veces pode haber tamén un interesante contraste rural/urbano ou unha distinción entre montañas e chairas por explorar (véxase Schober).

En segundo lugar, o desprazamento é un tema central en varios dos ensaios deste libro, explícita ou implicitamente, literalmente (p. ex. Drotbohm) ou metaforicamente (p. ex. Banovic, Pijpers). A mobilidade física é un foco fundamental nas investigacións sobre transnacionalismo e as diásporas, porén o “desprazamento” tamén pode ser termo apropiado para describir unha situación na que o entorno físico cambiou dramaticamente. O filósofo ambiental australiano Glenn Albrechts creou por mor disto o termo “solostalxia” (“solastalgia”, no orixinal inglés) para describir o sentimento de perda e desorientación experimentado a causa da destrución do entorno (Albrechts 2005).

Outra distinción importante, que está no cerne dos procesos de cambio rápido, é a tocante á relación entre pasado e futuro en canto fonte de identificación e motivación. A distinción debida a Alfred Schutz entre as motivacións “a fin de” e “a causa de” expostas no capítulo de Kearney aborda este contraste no micro-nivel. O capítulo de Thorleifsson fala dos mesmos asuntos, mais dende a perspectiva dunha parte marxinal de Israel na que a bisagra entre pasado, presente e futuro é precaria. A nostalgia duna idade de ouro e/ou as ideas sobre o progreso ou o desenvolvemento poden articular estas nocións en contextos políticos locais, mais a produción cultural de continuidade entremedias de circunstancias cambiantes quizais non poida ser máis evidente ca nos momentos conxelados descritos no capítulo de Neumann sobre monumentos, que contrarrestan o cambio, a decadencia, a alienación e mailo desprazamento creando continuidades nun terreo irregular.

Á dialéctica de pasado e futuro, cambio e estancamento, requeamento e enfriamento, ó momento conxelado e a realidade cambiante poden engadirse algúns temas clásicos e persistentes nas teorías da identificación: a produción de comparabilidade por medio do contacto intensificado a través das fronteiras crea un discurso transnacional (ou mesmo global) sobre as similaridades e diferenzas, polo que pode xurdir unha gramática global para falar de identidade, fundada no contraste e na equiparación. Se ben a identificación colectiva adoitou estudarse dende unha perspectiva política, a comercialización da identidade é cada vez máis obxecto da atención académica, segundo proban uns cantos capítulos deste libro. Coa actual intensificación dos mecanismos de mercado, e coa crecente transnacionalización da produción e mailo intercambio, as reconfiguracións da identidade colectiva poden tomar adoitado formas comerciais malia as formas políticas de identificación (ou a maiores delas). Sexa como for, a creación de fronteiras implicada no discurso sobre a identidade vese desafiada decote polas ideoloxías e prácticas da hibridez e a mestura. Finalmente, a atención entre os procesos universalizadores e particularizadores, dimensión fundamental na actual e recente teoría sobre a modernidade e maila globalización, ten a súa propia dinámica nas situacións volátiles, inestables e impredecibles exploradas nesta obra.

BILBIOGRAFÍA.